

## ACTIVIDADES NO DOMICILIO

PERÍODO: Semana 11-15 maio

MATERIA: MÚSICA

CURSO: 2ºESO

PROFESOR/A: Flori Veloso

### SOLUCIÓN ACTIVIDADES

Esta semana imos centrarnos nalgún instrumentos en concreto. Algún deles coñécédelo ben porque o tocamos na aula (a frauta ) outros igual non tanto, pero diso se trata, de que investiguedes a aprendizades. Para a ACTIVIDADE , **lede o texto que aparece despois das preguntas** antes de facer os exercicios. Tamén podes investigar pola túa conta. Se fas as actividades no caderno, copia só as preguntas das actividades.


\* Actividade 1: “A frauta doce”

1.1 Que parte do noso corpo usamos para articular os sons na frauta?

**A lingua permite articular o son da frauta do mesmo xeito que usamos as palabras. Logo cos dedos tapamos ou abrimos os buratos para as diferentes notas musicais.**

1.2 Cales son as partes dunha frauta doce? Podes debuxala indicando o nome de cada unha desas partes ou simplemente escribilas.

**Embocadura, cabeza, corpo e pé ou campá**



1.3 Onde está o bisel? En que parte da frauta? Que función ten?

**O bisel esta situado na cabeza, na parte superior da frauta, é por onde se produce a vibración do son e así poida soar.**

1.4 Que dedo non tapa ningún burato?

**O dedo pulgar da man dereita**

1.5 A que familia pertence e por que?

**Pertence á familia de vento madeira, porque leva bisel.**

### **\*Actividade 2: Instrumentos tradicionais da música galega. O BERIMBAO**

2.1 Saberías dicir a que familia cres que pertence? Razona a resposta.

**É un instrumento idiófono punteado, quer dicir, un instrumento capaz de producir un son polo propio material do instrumento ao ser punteado ou percutido**

2.2 É de altura determinada ou indeterminada?

**Determinada, podemos producir diferentes sons**

2.3 Cal é a caixa de resonancia deste instrumento?

**A cavidade bucal de cada persoa**

2.4 Que outros nomes ten?

**Trompa de boca, arpa de boca, bimbiribán, guimbarda, etc...**

### **O BERIMBAO OU TROMPA GALEGA. (Só de lectura)**

Na música tradicional galega podemos atopar máis de 200 instrumentos , se ben algúns deles poden recibir dous ou máis nomes para referirse ao mesmo instrumento dependendo da zona.

Hoxe vou presentarvos un instrumento curioso, o BIRIMBAO galego. Un instrumento que se tocaba moito e se toca na zona da Fonsagrada (na montaña de Lugo). É un dos poucos sitios de toda España onde se toca este instrumento.

Foi e é un dos símbolos que identifican esta zona. Estivo a piques de desaparecer pero grazas a algunhas persoas maiores da zona e a algúns mozos , que hoxe expanden esta tradición nos nenos e nos máis xoves pódese dicir que que xa ten futuro.

Incluso músicos consolidados como Kepa Junquera (músico e compositor vasco moi recoñecido) introduciu nalgunha das súas pezas este instrumento.



Como podedes observar é pequeno e feito de ferro, como en forma de chave sobre a que sae unha lámina ou lingüeta de metal temperado polo medio. É un instrumento idiófono punteado, quer dicir, un instrumento capaz de producir un son polo propio material do instrumento ao ser punteado ou percutido. A lingüeta está unida á estrutura de ferro e faise vibrar percutíndoa co dedo da man dereita. O seu son é suave e é amplificado pola forma da boca da persoa que o toca, é dicir a boca é a caixa de resonancia e os labios e os dentes os que modulan o son. Pódense facer melodías e ritmos.

Din que foi introducido a través dos peregrinos que entraban en Galicia polas montañas e tamén a través dos afiadores e vendedores de coitelos. Fabricana ferreiros especializados que require de coñecementos musicais e técnicos que non todos os ferreiros teñen..

Hoxe en día úsase moito para recrear películas do Oeste ou nas pelis de animación.

Déixovos un enlace onde podedes ver un vídeo pero hai moitos se buscades en youtube. Olo! O birimbao galego diferénciase ao de outras zonas.

<https://youtu.be/j9yUuBmrf8I>